

SOMOS VOZ
SOMOS FORZA,
XUNTAS CONSTRUÍMOS

Feminismo

Unidade

Tolerancia

igualdade

Respecto

solidariedade

ACTIVIDADES

PARA

PRIMARIA

8 DE MARZO

DO 2015



8 DE MARZO 2015
DIA INTERNACIONAL DAS MULLERES

1º, 2º e 3º DE PRIMARIA

XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES:

A partir dos contos da colección "Eu son Igual", composta por seis contos nos que as mulleres desempeñan traballos asignados tradicionalmente ao xénero masculino, pretendemos facer comprender ao alumnado a importancia de non asignar papeis estereotipados en función do xénero das persoas. Nestes relatos as mulleres séntense plenas desempeñando os seus traballos e comparten cos seus fillos e fillas as súas experiencias laborais.

OBXECTIVOS:

- Identificar condutas sexistas na distribución do traballo entre homes e mulleres.
- Valorar a capacidade de traballo das persoas independentemente do sexo ao que pertencen.

METODOLOXÍA:


Activa e participativa, fomentando o diálogo entre todo o alumnado, respectando as opinións dos demais.

MATERIAIS:

Contos, material de debuxo.

ACTIVIDADE 1:


En clase leranse os distintos contos e ou non realizar estes traballos, por deste debate tentarase facer ver ao ou mulleres poden desempeñar home ou de muller non condiciona o. Unha vez realizado o debate cada gustaría desempeñar e por que. Entón traballo. E expóranse na clase os debuxos



xerárase un debate sobre se as mulleres poden que non poden ou por que si poden. A través alumnado que todas as persoas sexan homes calquera traballo, que a súa condición de labor profesional que poidan efectuar. neno e nena explicará que traballo lle debuxáranse a si propios realizando este realizados.

ACTIVIDADE 2:

Con motivo do 8 de marzo, día Internacional da Muller, clase a mulleres da do xénero do varredoras,...) experiencia.



clase as ás distintas

de marzo, día Internacional da Muller, localidade que realicen traballos masculino (autobuseiras, para que contén. Previamente traballáranse na preguntas que se lle van mulleres que pasen pola aula.



convidárase á considerados maquinistas, a súa facer

4º, 5º e 6º de PRIMARIA

TÍTULO: Participación e voz das mulleres na familia e na comunidade.

OBJECTIVOS:

- Rematar cos obstáculos que impiden unha igualdade legal e real.
- Identificar os roles masculinos e femininos.
- Combater a discriminación.
- Coidar o uso da linguaxe.

CONTIDOS:

- Participación e voz das mulleres na familia.
- Participación e voz das mulleres na política.
- A voz e representación das mulleres en diferentes ámbitos.
- Pleno Infantil sobre a participación e a voz da muller no concello.

AGRUPAMENTOS:

Traballo individual, pequeno grupo e gran grupo.

MATERIAIS:

- Material propio do alumnado: lapis, bolígrafos, cores, folios, cadernos, ordenadores persoais...
- Material propio do Centro: Ordenadores, xices de cores, marcadores, encerado dixital, canón proxector,...

CURSOS PARTICIPANTES:

4º 5º E 6º.

ACTIVIDADES

Na miña casa, as decisións tómaas, xeralmente: (marca con X)

a miña nai ☐ o meu pai ☐ ambos os dous ☐

Cando na casa hai un conflito, quen tenta buscar a solución é:

a miña nai ☐ o meu pai ☐ ambos os dous ☐

Divididos/as en dous grupos, uns responsabilizaranse de ver os informativos das diferentes cadeas de TV e anotarán quen e a que partidos pertencen as persoas que interveñen no Congreso, no Senado e no Parlamento Galego.

O outro grupo fará o mesmo pero utilizando para a busca de información os xornais aos que teña acceso.

Posta en común da información obtida.

Buscar en Internet información das persoas que configuran os grupos políticos con representación nesas tres cámaras lexislativas e realizar no encerado, colectivamente, unha gráfica de barras con diferentes cores para o número de homes e o número de mulleres de cada un deles.

Buscar en Internet información sobre unha muller que fose ou sexa portavoz dalgún tipo de colectivo e enterarse de cales foron ou son as reivindicacións dese colectivo. A modo de exemplo: Clara Campoamor, Nai Tereixa de Calcuta, Dolores Ibárruri, Rigoberta Menchú, Ada Colau... Expor logo ao gran grupo o resultado da investigación.



Pleno infantil sobre a participación das mulleres no concello.

Elección de 14 nenos e nenas (tentar que estea compensado) para que actúen como concelleiros/as no Pleno Infantil, a criterio do profesorado.

Elección de 1 neno/a que actuará como Secretario/a no Pleno, a criterio do profesorado.

Elección de dous ou tres nenos/as que lanzarán as "Preguntas ao Alcalde" desde o público, a criterio do profesorado.

O resto dos grupos que traballaron tamén o tema na aula acudirán como oíntes ao Pleno.

Desenvolvemento da actividade.

Presentación da actividade.

Debate e reflexión do tema na aula.

Elaboración dunha composición escrita que reflicta as conclusións e propostas. Sairá unha composición por clase. Para iso déixase a criterio do profesorado como traballar o tema. Suxírese unha reflexión persoal/ individual e posterior posta en común con obxecto de enriquecer a produción final e lograr a participación de todos/as.

Formulación das preguntas que se efectuarán no Pleno, as cales estarán enfocadas a coñecer como se vai afrontar desde o Concello esa problemática.

Elaboración de murais. Nesta tarefa pode participar libremente todo o alumnado implicado no traballo.

Punto de partida para reflexionar e traballar:

¿Que debe facer o concello para facilitar a participación e a voz das mulleres na comunidade?

LUGAR: Solicitar salón de plenos do concello. Se non é posíbel, utilizar un salón de usos múltiples ou comedor do Centro.

COLABORAN

Familias, persoal docente do centro, alumnado, persoal do concello e o alcalde ou alcaldesa.

